

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009.*

O sector vacún é un dos sectores gandeiros con máis importancia en Galicia. Nestes momentos o sector gandeiro galego xoga un papel determinante na economía do medio rural e dentro del, as explotacións dedicadas ás producións bovinas, tiveron un forte desenvolvemento nos últimos anos alcanzando un alto nivel de calidade e produtivo baseado na tecnificación e profesionalización da actividade.

Os libros xenealóxicos son a ferramenta que, mediante a análise dos datos dos controis de rendementos xerados no esquema de selección de cada raza, posibilita estimar o mérito xenético dos reprodutores, permitindo así utilizar os mellores xenotipos como pais e nais das seguintes xeracións.

En Galicia as producións do gando vacún obtéñense maioritariamente a partir de dúas razas de fomento, a carne da rubia galega e o leite da frisona. Por este motivo establécense axudas para mellorar a calidade dos produtos obtidos en Galicia do gando vacún, preferentemente leite e carne, elevando a calidade xenética desta cabana gandeira polo medio do fomento da recría de futuras reproductoras en pureza destas razas, asegurando, deste xeito, a reposición dos rabaños con animais de alta calidade xenética inscritos en libros xenealóxicos.

Estas axudas axústanse ao disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Consellería do Medio Rural, en concorrencia competitiva, encamiñadas a promocionar a recría de gando vacún na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estas bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas axudas para o ano 2009.

#### Artigo 2º.-*Finalidade das axudas.*

A finalidade desta axuda é mellorar a calidade dos produtos obtidos en Galicia do gando vacún, preferentemente leite e carne, elevando a calidade xenética desta cabana gandeira polo medio do fomento da recría de futuras reproductoras en pureza, asegurando, deste xeito, a reposición dos rabaños con animais de alta calidade xenética inscritos en libros xenealóxicos.

#### Artigo 3º.-*Carácter de axuda de minimis.*

A axuda establecida nesta orde enmárcase no Regulamento (CE) nº 1535/2007 (DOUE L 337/35 do 21 de decembro ) da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

#### Artigo 4º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

1. Centro colectivo de recría de Galicia: explotación gandeira de carácter asociativo que ten como obxecto prioritario a cría e recría de animais para a produción, ubicada na Comunidade Autónoma de Galicia .

2. Agricultor novo: a persoa física que teña cumpridos os dezaioito anos e non teña cumpridos corenta anos no último día da presentación da solicitude e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria.

3. *Asociación de Defensa Sanitaria Gandeira* (ADSG): asociación constituída por gandeiros para a elevación do nivel sanitario-zootécnico das súas explotacións, mediante o establecemento e execución de programas de profilaxes, loita contra as enfermidades animais e mellora das súas condicións hixiénicas, que permitan mellorar o nivel produtivo e sanitario dos seus produtos.

4. Reprodutora: femia rexistrada nunha explotación propiedade do solicitante e inscrita no libro xenealóxico da raza frisona ou rubia galega con idade maior ou igual a 24 meses.

5. Animal de recría: femia rexistrada nunha explotación propiedade do solicitante e inscrita no libro xenealóxico da raza frisona ou rubia galega, con idade comprendida entre 20 e 32 meses.

6. Explotación asociativa: as sociedades agrarias de transformación (SAT), así como outras figuras xurídicas que proveñan da fusión de cando menos dúas explotacións agrarias individuais e as cooperativas de explotación comunitaria da terra.

#### Artigo 5º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas calquera persoa física ou xurídica titular dunha explotación gandeira de vacún e localizada en Galicia, con efectivos de cando menos as razas frisona ou rubia galega e que fagan recría delas en pureza.

### Artigo 6º.-*Requisitos.*

1. Ser titular dunha explotación de gando vacún con, cando menos, efectivos das razas frisona ou rubia galega, e que estea inscrita no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (en diante Rega) establecido polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (BOE nº 89, do 13 de abril).

2. A explotación de orixe dos animais de recría deberá estar rexistrada no Libro xenealóxico da raza correspondente, cumprindo coas obrigas que fixa o seu regulamento, e participar nos programas de mellora desenvolvidos pola entidade xestora do libro xenealóxico:

a) As explotacións de raza frisona deberán realizar o control leiteiro oficial.

b) As de raza rubia galega deberán realizar o programa de control de rendementos da raza.

O xestor da axuda solicitará á asociación xestora do Libro xenealóxico para cada solicitante a confirmación da seguinte información: inscrición nos correspondentes rexistros do Libro xenealóxico e participación no programa de control de rendementos da raza. No que respecta á información sobre o programa de control leiteiro oficial o xestor da axuda solicitará estes datos á autoridade competente nesta materia da Consellería do Medio Rural.

3. Á data da presentación da solicitude de axuda, estar a desenvolver o programa sanitario mínimo, descrito para todas as especies incluído o gando bovino, no anexo V da Orde do 24 de outubro de 2008 (DOG nº 212, do 31 de outubro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira de Galicia (ADSG) e se convocan para o 2009, ou o programa sanitario desenvolvido pola ADSG á que pertenza.

4. Cumprir a normativa de ambiente, sanidade e benestar dos animais, non estando incurso en expediente sancionador por incumprimento desta.

5. Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente, así como cumprir o conxunto de requisitos necesarios establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xunto coa acreditación ou certificación de non ter débedas coa comunidade autónoma.

6. Non atoparse en situación de crise conforme a establecido no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

7. Os animais de recría obxecto da axuda cumpriran as seguintes condicións:

a) Que con data do 1 de setembro de 2009 teñan entre 20 e 32 meses de idade.

b) Que permanecesen na explotación do solicitante da axuda cando menos 18 meses.

c) Que permanezan inscritos no rexistro do Libro xenealóxico da raza correspondente na data do 1 de setembro de 2009.

A permanencia mínima na explotación poderase ver interrompida nos casos de que a recría se faga nun centro especializado de recría ou, se dentro dun marco tradicional de manexo os animais son trasladados a pastos ou practican a transhumancia, de acordo coa declaración presentada xunto coa solicitude. A comprobación desta información obterase mediante consulta aleatoria, en cando menos 8 datas incluídas nese período, ás bases de datos da Consellería do Medio Rural.

### Artigo 7º.-*Actuacións subvencionables.*

Subvencionarase a actividade de recría de femias de raza frisona ou rubia galega no período comprendido entre a presentación da solicitude e o 1 de setembro do ano en curso, realizada na propia explotación ou en centros especializados da recría na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Artigo 8º.-*Contías das axudas.*

1. A contía calcularase do seguinte xeito:

a) A contía base da axuda será de 160 € por cada un dos animais criados obxecto da axuda.

b) O número de animais que serán tidos en conta para o cálculo do importe da axuda obterase despois de restar ao número de animais que cumpran as condicións sinaladas no artigo 6º o número equivalente á parte enteira do 12% calculado sobre a totalidade das reproductoras do beneficiario no caso da raza frisona, e do 6% no caso da raza rubia galega.

c) Naqueles animais que teñan permanecido nun centro colectivo de recría de Galicia un tempo mínimo de 12 meses aumentarase a contía base en 40 €.

d) Se o 50% ou mais das xovencas con dereito a axuda son fillas de sementais utilizados dentro dun programa de mellora da raza, desenvolvido pola entidade xestora do libro xenealóxico oficialmente aprobado, a contía base da axuda poderá incrementarse en 30 €.

e) Se o beneficiario está inscrito como produtor de leite ou de carne ecolóxico no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, a contía base poderá incrementarse en 80 €.

As contías anteriores teñen efecto sumatorio. En todo caso, a contía final da axuda por cada un dos animais non superará os 250 €.

2. A contía máxima da axuda por beneficiario nesta convocatoria anual queda limitado a 3.250 €.

3. Establécense como límites xerais desta axuda os fixados pola normativa reguladora de axudas *de minimis* (7.500 € por titular beneficiario nun período de 3 anos para todas as axudas *de minimis* por calquera concepto). Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do

Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

Artigo 9º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar e se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e o minuto da súa admisión.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento, non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud segundo o anexo I.
- b) Relación da documentación presentada segundo o anexo II.
- c) Copia cotexada do CIF ou do NIF do solicitante.
- d) Acreditación da representatividade do solicitante, se é o caso.
- e) No caso de persoas xurídicas: copia cotexada dos estatutos vixentes, así como a súa inscrición no rexistro correspondente, certificación dos socios segundo o anexo IV e copia cotexada do NIF dos ditos socios.
- f) Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta na que se solicita o ingreso do importe da axuda.
- g) Declaración do beneficiario de non atoparse en situación de crise.
- h) Declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto solicitadas ou concedidas ao solicitante polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 3 anos

anteriores á data de presentación desta solicitude, segundo modelo que figura no anexo V.

i) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, por este concepto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas conforme o modelo do anexo VI.

j) Certificado da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira de integración nesta e/ou certificación do veterinario/a responsable do cumprimento do programa sanitario mínimo como o descrito no anexo V da Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como agrupacións de defensa sanitaria gandeira de Galicia e se convocan para o 2009.

k) Autorización ao órgano xestor da axuda, para obter da entidade xestora do Libro xenealóxico, a certificación de inscrición da gandería nos correspondentes rexistros.

l) Autorización ao órgano xestor da axuda, para obter do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, a certificación de inscrición do beneficiario da axuda nos correspondentes rexistros.

m) Declaración de previsión do número de animais que se van criar e relación da identificación destes segundo o anexo III.

n) Declaración, de ser o caso, de envío de animais a centros colectivos de recría, na Comunidade Autónoma de Galicia segundo modelo que figura no anexo VII.

ñ) Declaración, de ser o caso, de realizar transhumancia ou envío de animais a pastos dentro dun marco de manexo tradicional, segundo modelo que figura no anexo VII.

o) No caso de beneficiarios con explotacións asociativas procedentes da fusión de cando menos dúas explotacións gandeiras, indicación dos Regas ou CEAS das explotacións de procedencia.

Por parte do órgano xestor da axuda levaranse a cabo as comprobacións necesarias dos datos do solicitante que figuran nas bases de datos oficiais de gandería.

4. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

Artigo 10º.-*Autorización.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gali-

cia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

#### Artigo 11º.-*Criterios de adxudicación.*

1. As solicitudes recibidas serán valoradas e comparadas co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos seguintes criterios de valoración e ponderación:

- a) Por posuír a condición de agricultor novo: 20 puntos.
- b) No caso de personalidades xurídicas, se o 50% ou máis dos seus socios posúen a condición de agricultor novo: 20 puntos.
- c) Por estar inscrito o beneficiario como produtor de leite ou carne ecolóxica no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia: 10 puntos.
- d) Por ser unha explotación asociativa: 5 puntos.
- e) Para titulares que envíen cando menos o 60% dos seus animais de recría a un centro colectivo de recría da Comunidade Autónoma de Galicia durante un tempo mínimo de 12 meses: 2 puntos.
- f) Por pertencer a unha ADSG: 2 puntos.
- g) Por ser titular muller ou, no caso de personalidades xurídicas, se o 50% ou máis dos socios son mulleres: 0,5 puntos.

2. A igualdade de puntos establecerase a prelación por orde de menor a maior censo de femias maiores de 24 meses cumpridos dos solicitantes.

3. As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que obtivesen maior valoración en aplicación dos criterios anteriores e ata esgotar o crédito dispoñible. No suposto de ampliación de crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano coincidente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención aos solicitantes seguintes en orde de puntuación.

#### Artigo 12º.-*Tramitación e resolución.*

1. O órgano instructor do procedemento será a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. O requirimento de emenda de erros da solicitude, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, farase mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir o solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no artigo 21.4º.

5. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

6. A baremación das solicitudes, segundo os criterios do artigo 11º, efectuarase por un órgano colexiado constituído para o efecto, formado por: presidente o subdirector/a xeral de Gandería; vogal o/a xefe/a de servizo de Planificación Gandeira, e secretario o/a xefe/a de servizo de Producións Gandeiras, que emitirá o informe correspondente. Á vista deste informe o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria elevará proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

7. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ou a relación de solicitantes a que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona,

así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes e a causa de denegación.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

9. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e prazo para interpoñelos.

10. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

*Artigo 13º.-Concorrenza e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.*

1. Xunto coa solicitude inicial, os petionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas ou o anexo VI debidamente cuberto. Ademais presentarán unha declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto solicitadas ou concedidas polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 3 anos anteriores á data de presentación desta solicitude ou o anexo V debidamente cuberto.

2. En calquera caso, antes do pagamento se houbo modificación das declaracións anteriores, o petionario presentará unha declaración complementa-

ria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

*Artigo 14º.-Modificación das axudas.*

1. As subvencións as que se refire esta orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, cando exista concorrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

2. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 do Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

*Artigo 15º.-Xustificación.*

O pagamento das axudas realizarase con xustificación previa polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas, mediante a presentación dunha declaración do cumprimento da actividade obxecto da subvención, antes do 15 de novembro, nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 16º.-Comprobación do cumprimento da execución dos programas.*

1. A comprobación da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria co fin de contrastar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como a realización das actividades subvencionadas.

2. Será obxecto preferente de comprobación, a execución efectiva do programa sanitario recollido no punto 3. do artigo 6º no caso de explotacións non integradas nunha AD SG.

3. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como das instancias comunitarias de control e as obrigas de control e reducións e exclusión derivadas da aplicación do Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión do 20 de decembro de 2007.

*Artigo 17º.-Pagamento da subvención.*

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobado, polo órgano concedente, a xustificación presentada polo beneficiario, a realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se concedeu e o cumprimento dos demais requisitos fixados na normativa reguladora da subvención. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

*Artigo 18º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.*

1. O interesado ten a obriga do reintegro total da subvención ou axuda pública percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos demais supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

*Artigo 19º.-Réxime de incompatibilidades.*

As axudas previstas nesta orde son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que se cumpran os límites establecidos na normativa aplicable (Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas) e que, en ningún caso, se supere o custo total da actividade financiada.

*Artigo 20º.-Financiamento.*

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

a) Aplicación 11.03.713D 770.0 dotada para esta finalidade cun importe máximo de 500.000 €.

b) Aplicación 11.03.713E 770.3 dotada para esta finalidade cun importe máximo de 500.000 €.

2. Estes importes poderanse incrementar con remanentes adicionais de acordo coas disponibilidades de crédito, podéndose así conceder subvencións por importe superior á contía total máxima fixada no punto anterior, sempre dentro dos límites establecidos no artigo 8º desta convocatoria e demais lexislación aplicable, sen que previamente se realice unha nova convocatoria, no suposto de que se incremente o importe do crédito orzamentario dispoñible como consecuencia de:

a) Unha xeración, unha ampliación ou unha incorporación de crédito.

b) Por existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou programas do mesmo servizo.

3. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial e no DOG, as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA RECRÍA DE GANDO VACÚN EN GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR539A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DIRECCIÓN		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
			FAX

**E na súa representación:**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
CARGO			TELÉFONO

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

O/A que asina abaixo, expón :

Que autoriza á Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza á Consellería do Medio Rural para o tratamento dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Que autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, así como segundo o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia a dar publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro.

Que autoriza á Consellería do Medio Rural para solicitar a súa certificación de inscrición no libro xenealóxico e/ou no consello regulador de agricultura ecolóxica.

O/A que abaixo asina, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume, polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do [ ] da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para a promoción da recría en Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a promoción da recría de gando vacún en Galicia e se convocan axudas para o ano 2009.</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____</p> <p>_____ de _____ de _____</p> <p>Conselleiro do Medio Rural</p>		

*ANEXO II***RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**  
**(Indíquese cun X a documentación debidamente ordenada, que se achega coa solicitude)**

- Copia cotexada do CIF ou NIF do solicitante.
- Acreditación xurídica da entidade solicitante se procede, que inclúa copia cotexada dos seus estatutos e da inscrición no rexistro correspondente e no caso de beneficiarios con explotacións asociativas procedentes da fusión de alomenos dúas explotacións, acreditación dos Regas ou CEAS das explotacións de procedencia.
- Acreditación da representatividade do solicitante, de ser o caso.
- Relación dos socios no caso de personalidades xurídicas, segundo o modelo do anexo IV e copia cotexada dos NIF dos ditos socios.
- Declaración do beneficiario de non atoparse en situación de crise.
- Declaración do beneficiario, segundo o anexo V, sobre todas as axudas *de minimis* concedidas durante os tres anos anteriores á data de presentación desta solicitude.
- Declaración do beneficiario, segundo o anexo VI sobre outras axudas concedidas e/ou solicitadas para os mesmos investimentos, achegando, se é o caso, copia cotexada da resolución de concesión destas.
- Certificación bancaria do número de conta.
- Declaración do número de animais que se van criar e relación da identificación destes, segundo o modelo do anexo III.
- Xustificante de integración en ADSG e/ou certificado do veterinario responsable do cumprimento do programa sanitario mínimo, como o descrito no anexo V da Orde do 24 de outubro de 2008.
- Declaración do beneficiario, segundo o anexo VII de realizar transhumancia ou de enviar animais a centros de cría colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia ou a pastos dentro dun marco de manexo tradicional.

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

Lugar e data

, de de

Asdo.:





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



*ANEXO III*

*DECLARACIÓN DO NÚMERO DE ANIMAIS PREVISTOS QUE SE VAN RECRIAR*

DON/DONA		NIF	
<input style="width: 95%;" type="text"/>		<input style="width: 95%;" type="text"/>	
EN NOME PROPIO / REPRESENTANTE DA ENTIDADE		CIF	
<input style="width: 95%;" type="text"/>		<input style="width: 95%;" type="text"/>	
CON ENDEREZO SOCIAL EN			
<input style="width: 95%;" type="text"/>			

<b>DECLARO:</b>	
- Que o nº de animais previsto recriar é de <input style="width: 100px; border: 1px solid black;" type="text"/>	
- Que a relación de identificación dos animais previstos que se van recriar son os seguintes (debe incluír o Nº DE CROTAL OU DIB e o Nº DE REXISTRO DO ANIMAL NO L.X. DA RAZA CORRESPONDENTE):	
Nº DE BRINCO OU DIB	Nº DE REXISTRO DO ANIMAL NO L.X. DA RAZA
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>
<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>	<input style="width: 98%; height: 15px;" type="text"/>

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

, de de

Asdo.:



ANEXO IV

**CERTIFICACIÓN SOCIOS** Páxina      de     

<small>PRIMEIRO APELIDO</small>	<small>SEGUNDO APELIDO</small>	<small>NOME</small>	<small>NIF</small>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<small>COMO REPRESENTANTE DE</small>			<small>CIF</small>
<input style="width: 95%;" type="text"/>			<input style="width: 95%;" type="text"/>
<small>CON ENDEREZO SOCIAL EN</small>		<small>PROVINCIA</small>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>		<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<small>CONCELLO</small>	<small>LOCALIDADE</small>		<small>CÓDIGO POSTAL</small>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>		<input style="width: 95%;" type="text"/>

**Certifica que a entidade está formada polos seguintes socios:**

	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	NIF	Data de nacemento
1	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
2	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
3	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
4	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
5	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
6	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
7	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
8	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
9	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
10	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

VISTO E PRACE  
O/A REPRESENTANTE

Asdo.:



*ANEXO V*

**DECLARACIÓN DE AXUDAS PERCIBIDAS *DE MINIMIS* NOS ÚLTIMOS TRES ANOS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
EN NOME PROPIO/REPRESENTANTE DA ENTIDADE			CIF
CON ENDEREZO SOCIAL EN		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

En relación coa orde pola que se regula a concesión de axudas destinadas á promoción da recría en Galicia.

- Non teño concedida ningunha axuda *de minimis* nos últimos tres anos.
- Teño concedida axuda polo réxime *de minimis*, polas liñas de axuda e importes que se indican:

LIÑA DE AXUDA	IMPORTE
<b>TOTAL</b>	

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

Lugar e data

, de de

Asdo.:



*ANEXO VI*

**DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS  
PARA A MESMA FINALIDADE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
EN NOME PROPIO/REPRESENTANTE DA ENTIDADE			CIF
CON ENDEREZO SOCIAL EN		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE
<b>TOTAL</b>	

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

Lugar e data

, de de

Asdo.:



*ANEXO VII*

**DECLARACIÓN DE ENVÍO DE ANIMAIS A PASTOS, CENTROS COLECTIVOS DE RECRÍA  
OU PRACTICAR TRASHUMANCIA**

PRIMEIRO APELLIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELLIDO <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
EN NOME PROPIO/REPRESENTANTE DA ENTIDADE <input type="text"/>			CIF <input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>	
CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	

**DECLARO:**

- Que envíe ou enviarei animais, dentro dun marco de manexo tradicional, a pastos con Rega:

Código Rega:

- Que realice ou realizarei transhumancia a pastos con Rega:

Código Rega:

- Que envíe ou enviarei animais a un centro de recría con Rega:

Código Rega:

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

Lugar e data

, de de

Asdo.: